

INSTRUCCIÓN ADMISIÓN E MATRÍCULA - 2026/2027

SOAMENTE APLICABLE A ALUMNADO DA OFERTA ORDINARIA QUE:

- Accede a 2º curso dende un ciclo diferente
- Accede a 2º curso procedente doutro centro educativo
- Repite 2º curso do mesmo ciclo por segunda e sucesivas veces
- Cambio de réxime modular a ordinario

(ESTE ALUMNADO NON TEN PRAZA GARANTIDA)

1.- CASOS

1. Alumnado procedente dun 1º curso da OFERTA ORDINARIA doutro centro e que se quere incorporar a un 2º curso NO MESMO CICLO FORMATIVO da oferta ordinaria. Poden darse as seguintes circunstancias:
 1. O 1º curso pertence ao plan novo: solicitará praza en 2º curso do plan novo
 2. O 1º curso pertence ao plan vello: pode decidir entre continuar no plan vello ou pasar ao plan novo cursando (sen dereito a docencia) os módulos novos do 1º curso.
2. Alumnado procedente da OFERTA MODULAR con condicións de acceder a 2º curso DO MESMO CICLO DA OFERTA ORDINARIA. Poden darse as seguintes circunstancias:
 1. Os módulos superados pertencen ao plan novo: solicitará praza en 2º curso do plan novo.
 2. Os módulos superados pertencen ao plan vello: pode decidir entre continuar no plan vello ou pasar ao plan novo cursando (sen dereito a docencia) os módulos novos do 1º curso.
3. Alumnado procedente doutro ciclo que ten un primeiro curso en común: con independencia da súa procedencia ten que cursar o plan novo, polo que no caso de proceder do plan vello ten que cursar as materias novas do 1º curso (sen dereito a docencia).
4. Alumnado que repite por 2ª vez. Pode continuar no plan que comezou pero non ten praza garantida polo que ten que agardar.

2.- PROCESO DE ADMISIÓN

Realízase de xeito presencial na oficina do centro

PRAZO

Do xoves 25 de xuño ás 9:00 horas ao martes 30 de xuño ás 13:00 horas

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES

1. Identificarse cun DOI (DNI, NIE, pasaporte,...)
2. Entregar a seguinte documentación:
 - Dúas copias da solicitude (Anexo I) cumprimentada preferiblemente por ordenador **e asinada**. O Anexo I está dispoñible en:

- Certificación académica coas cualificacións de 1º curso **onde se especifique que se promociona a 2º curso**

LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITUDES

O venres 3 de xullo publicarase a listaxe provisional de solicitudes. No caso de ter que reclamar, o prazo comeza ás 9:00 horas do mesmo día 3 de xullo e remata ás 13:00 horas do martes 7 de xullo

LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES E LISTAXE DA ADXUDICACIÓN

O venres 10 de xullo publícanse ambas listaxes

No caso de resultar adxudicado/a, pasamos ao proceso de matriculación.

3.- PROCESO DE MATRICULACIÓN PRESENCIAL

PRAZO

Do venres 10 de xullo ás 9:00 horas ao mércores 15 de xullo ás 13:00 horas

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES

1. Identificarse co DOI (DNI, NIE ou pasaporte)
2. Xustificante de pagamento do seguro escolar (só menores de 28 anos) **a nome do alumno/a**. Os datos necesarios para facer o ingreso son os seguintes:
 - a) **Nº de conta bancaria:** ES39 2080 0234 4130 4000 3005
 - b) **Importe:** 1,12€
 - c) **Concepto:** Seguro escolar - Nome e apelidos do/a alumno/a que se matricula

MOI IMPORTANTE

SOAMENTE SE RECOLLERÁN SOLICITUDES DE MATRÍCULA CANDO SE APORTEN TODOS OS DOCUMENTOS INDICADOS